

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2007.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCUENTA E CINCO MINUTOS** do día **ONCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do señor tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO** e da Interventora municipal **DONA ANA M^a LOUREIRO SILVA**.

Non asiste: **D^a OFELIA REY RECIMIL**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- CONTRATACIÓN.-

3º.- SUBVENCIONS.-

4º.- URBANISMO.-

5º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 4547, de data 08 de outubro de 2007, remitindo copia da resolución do director xeral de Patrimonio Cultural, pola que se autoriza á arqueóloga D^a Enriqueta López Rodríguez para a realización dunha prospección para o estudo e corrección do impacto arqueolóxico da L.A.T. 66 Kv Sub. Paizás- Sub. A Estrada (Silleda e A Estrada, Pontevedra).

A Xunta de Goberno Local, queda enterada deste escrito.

1.2.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, Rexistro de Entrada nº 4579, de data 09 de outubro de 2007, remitindo denuncia en materia de prevención

de incendios, formulada por D^a M^a del Pilar García Vilela.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar cumprimento ó Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais, e solicitar á Policía Local que proceda á inspección e realización do informe de comprobación dos feitos denunciados, tal e como figura no escrito.

1.3.- Escrito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 4590, de data 09 de outubro de 2007, remitindo información sobre a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG. Nº 94, do 11 de maio de 2007).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.4.- Escrito de Humana, Rexistro de Entrada nº 4601, de data 09 de outubro de 2007, remitindo resultados obtidos na recollida de roupa e calzado usados durante o segundo trimestre de 2007, nos contenedores ubicados en Silleda e Bandeira.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.5.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 4533, de data 08 de outubro de 2007, polo que se concede, á Comunidade de Regantes Curro, un caudal de auga de 0,52 l/seg procedente cinco (5) mananciais situados no lugar de Curro, parroquia de Cira (Silleda), con destino a rega (Clave A36.6643).

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

1.6.- Escrito da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas - Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 4485, de data 03 de outubro de 2007, remitindo aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado “LAT 66 kV Parque Eólico de Couto de San Sebastián-Subestación Portodemouros”, acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 6 de setembro de 2007.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.7.- Escrito do Xulgado Concencioso Nº 2 de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 4536, de data 08 de outubro de 2007, comunicando que en relación ó procedemento ordinario 371/2006-M de Hidroeléctrica de Silleda, e a vista do escrito presentado polo procurador da empresa mencionada anteriormente, Sr. Cid García, se acorda por desistido o procedemento referenciado, e unha vez sea firma o auto, procederase ó arquivo das actuacións.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.8.- Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 4619, de data 09

de outubro de 2007, remitindo acta-denuncia/inspección nº 2007-101219-00000180 por infracción á normativa de residuos contra Dº Fernando Rodríguez García por abandono de vehículo matrícula PO-1808-P, marca: Santana, modelo: Land Rover, no lugar de Costoya (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta denuncia.

2º.- CONTRATACIÓN.-

2.1.- Consultaría e Asistencia Xurídica.

Dada conta do expediente de contratación para a adxudicación da Consultoría e Asistencia para a elaboración de informes xurídicos, asistencia a xuízos e demais prestacións de conformidade ás características que figuran no prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

Visto:

- o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares
- o Informe de Intervención, de 10 de outubro de 2.007
- o Informe de Secretaría, de 10 de outubro de 2.007

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada mediante Decreto de Alcaldía de 06 de xullo de 2.007.

En virtude de todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

Primero.- Aproba-lo Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexirá o contrato.

Segundo.- Aproba-lo orzamento máximo de licitación co contrato por importe de 27.840,00 , con cargo á partida 121.226.03.

Terceiro.- Dispoñe-la apertura do procedemento negociado de adxudicación, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para á realización do obxecto do contrato.

Cuarto - Cumpli-los demais trámites preceptivos de impulso ata a formalización do oportuno contrato.

2.2.- Escrito do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 4548, de data 08 de outubro de 2007, comunicando resolución pola que se aproba a xustificación das obras denominadas “Adquisición de Equipamento e Mobiliario para Bibliotecas Locais Sociais e outros Servizos”, nº 223/898, obra incluída no PAM 06-08, anulalidade 2006, así como declarar o abono, a favor do Concello de Silleda, de 7.708,00 .

A Xunta Local queda enterada desta resolución.

2.3.- Escrito do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 4549, de data 08 de outubro de 2007, comunicando resolución pola que se aproba a xustificación das obras denominadas “Adquisición de Equipamento e Mobiliario para Bibliotecas Locais Sociais e outros Servizos”, nº 134/898, obra incluída no PAM 06-08, anulalidade 2007, así como declarar o abono, a favor do Concello de Silleda, de 11.813,00 □□□.

A Xunta Local queda enterada desta resolución.

2.4.- Escrito de Suministros Os Panascos, S.A., Rexistro de Entrada nº 4660, de data 11 de outubro de 2007, comunicando que, con data 25 de setembro de 2007 presentou no rexistro municipal do concello, nº de Entrada 4288, oferta para participar no procedemento negociado sen publicidade de contratación do servizo de desbroce de pistas municipais, polo que solicita a través deste escrito a retirada da proposta presentada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a retirada desta proposta, e invitar a outras tres empresas a presentación de ofertas para realización dos traballos de desbroce en pistas municipais.

3º.- SUBVENCIONS.-

3.1.- Escrito da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 4591, de data 09 de outubro de 2007, concedendo a este Concello unha prórroga de 31 días para xustificación da subvención concedida ao abeiro da Orde de 1 de decembro de 2006, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades de divulgación, formación educativa e estudos técnicos para os concellos incluídos no Plan Natura 2000, así como a súa convocatoria para 2007. Denomínase a actividade subvencionada “Sinais”.

A Xunta de Gober Local queda enterada.

4º.- URBANISMO.-

Dase conta do escrito presentado por Fertaf Obras y Servizos, S.L., Rexistro de Entrada nº 4525, de data 05 de outubro de 2007, indicando que como licitadores da obra “Captación e canalización de augas en zona rural de Silleda”, solicitan, debido as dificultades para realizar a perforación da captación, unha prórroga do permiso concedido por esta mesma Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 21 de setembro de 2007, para proceder a corte de camiño público que vai dende a igrexa de Saidres o lugar de Castro (Breixa) e accesos que se atopan neste tramo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder unha prórroga de

quince días.

5º.- INTERVENCIÓN.-

5.1.- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00012-07, de data 11 de outubro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 19.875,14 □□□

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as quince horas e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,